

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.**

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese o día dezasete de novembro de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello con obxecto de celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comenzo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M<sup>a</sup> Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asiste don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V). Asistidos da secretaria titular dona Carlota González Navarro e da interventora dona Gema Leal Insúa.

Sendo a hora prevista, o Sr. Alcalde apertura a sesión para abordar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que se pasan a relatar e adoptándose os acordos seguintes:

### **ORDE DO DÍA**

#### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DO 20 DE OUTUBRO DE 2017.-**

Os concelleiros asistentes á sesión aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade o borrador da reseñada acta.

#### **2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO 40 ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.-**

Pasa a ler a moción o voceiro do PP, Sr. Vigo Lago, do contido que se reproduce:

O Grupo Municipal Popular no Concello de Valdoviño, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

O próximo ano cumpriranse corenta anos desde aquel seis de decembro de 1978, día en que o pobo español, cun 88% dos votos, deu o seu respaldo ao proxecto de Constitución aprobado polas Cortes Xerais, elixidas democráticamente o quince de xuño de 1977,

unha data digna tamén de recordo, homenaxe e recoñecemento. Con exemplar responsabilidade e sentido construtivo os españois dotámonos dunha norma constitucional que proclama no seu artigo 1 o principio fundamental do noso sistema de convivencia política, ao afirmar que España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

A etapa vivida no noso país ata chegar a ese seis de decembro de 1978 constitúe, sen dúbida, unha das etapas máis fascinantes da nosa Historia contemporánea e continúa sendo, a día de hoxe, referente e modelo para outros países que transitan dun réxime autoritario a unha democracia sólida baseada no imperio da lei, a participación democrática, o pluralismo político e a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O amplo consenso entre as forzas políticas da época, tan dispares nas súas formulacións ideolóxicas previas, son a mellor proba da enorme xenerosidade de todos en aras a lograr o acordo, defender o ben común e superar os enfrontamentos do pasado, remando todos na mesma dirección, co fin de converter España nunha democracia moderna, recoñecendo ademáis, o dereito da autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas, tal como proclama o artigo 2.

Os esforzos por buscar puntos de confluencia e a capacidade de antepoñer o sentido de Estado ás lexítimas aspiracións dos partidos políticos deron como froito unha Constitución que permitiu a España consolidar o seu réxime democrático e progresar en todos os ámbitos: crecemento económico, desenvolvemento social, igualdade e pluralismo.

Corenta anos despois, eses acontecementos e a madurez democrática demostrada merecen o recoñecemento das institucións e aconsellan que desde o Concello de Valdoviño, impúlsense e promovan aqueles actos de homenaxe que permitan aos españois celebrar aquela data histórica de 1978 e transmitir ás xeracións futuras ese espírito de acordo.

Recreando aquel histórico consenso pretendemos alcanzar o maior acordo posible para divulgar o contido da Constitución e, en definitiva, render homenaxe a quen fixo posible que baixo o paraguas do noso texto constitucional, España puidese superar enfrontamentos, dificultades e conflitos e que hoxe podamos presumir de ser unha das democracias máis prósperas e asentadas da nosa contorna.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte

#### MOCIÓN

O Concello manifesta:

1.- A súa adhesión aos actos conmemorativos que están a promover e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978, de acordo co acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.

2.- A tal fin, solicita participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de todos os cidadáns.

3.- Manifesta tamén o seu apoio ao Goberno da Nación en cantas actividades programe para esta celebración e a incorporación a cantos actos e actividades poidan ser apoiados e difundidos no noso municipio.

4.- Dar traslado destes acordos ás Mesas do Congreso e do Senado, e á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno.

En Valdoviño, ao 31 de outubro de 2017.

O portavoz do grupo municipal popular.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño”.

## DELIBERACIÓN

Sr. Aneneiros.- E qué fixo o PP o día que votaron a Constitución Española? Cinco deputados votaron en contra e tres abstiveronse. Agradezo que presentasen esta moción porque polo menos poido falar dela. A CE foi útil no intre de transición pero quedou superada. Non se discrimina á muller? Non se afianza a sucesión da Coroa?. O Partido Popular alude á CE soio cando lle convén. (Le o artigo 2 da CE). O PP vendeu ao PSOE unha reforma constitucional. Non se pode usar a CE coma arma; hai que cambiala. Soio cambiaron o artigo 135 para garantir que antes que a sanidade, a educación, hai que pagarlle aos bancos e aplicaron o artigo 155 en Cataluña. Tanto o PP coma o PSOE o que teñen que facer é cambiar a Constitución.

Sr. Vigo.- Parecelle que en Cataluña algúns foron demócratas?

Habrá cousas que hai que mellorar, pero iso é todo. Foi aprobada por unha ampla maioría.

Sr. Ameneiros.- Sí, en 1978.

O Sr. Alcalde chama aos deliberantes a centrarse na moción.

Sra. García López.- Non acabo de entender a idea da moción do PP de celebrar os 40 anos da CE cando se precisa unha reforma.

Nós temos unha **emenda** que pasa a ler, deste contido:

“Instar aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais a participar activamente na comisión para a reforma constitucional, co mesmo espírito aberto ao diálogo e ao acordo para o recoñecemento de novos dereitos e liberdades, o fortalecemento do Estado social e democrático de dereito e o perfeccionamento dun modelo territorial que inclúa toda a pluralidade da realidade española de hoxe garantindo a igualdade a todos os cidadáns.

Sr. Alcalde.- Non ten senso que o PP queira agora celebrar cando no seu día moitos do seu partido non a votaron favorable, ademáis as constitucións teñen que evolucionar.

Esta é unha moción oportunista. Hai necesidade de modificar a CE e adaptala ao momento histórico.

Sr. Vigo Lago.- En España as autonomías gozan de liberdade.

O Sr. Vigo en nome do seu grupo municipal acepta votar a emenda do PSdeG-PSOE.

**O pleno, en votación ordinaria e por maioría aproban a moción do PP coa emenda do PSOE en votación ordinaria e por maioría dos asistentes.**

**Votaron a favor o Sr. Alcalde e os concelleiros Sr. Sergio Saavedra Gutiérrez, Sra. Rosa Ana García López (PSOE); e os concelleiros e concelleira do PP: Srs. José Antonio Vigo Lago, Esteban García Alonso, José Antonio Rodríguez Fernández e M<sup>a</sup> Cristina Freire Aneiros.**

**Abstiveronse os concelleiros Benito M. Vega Fernández (PSOE), Luis Manuel Beceiro Rodríguez (CENVAL) e a concelleira Jessica Sabín Fernández (PSOE).**

**Manifestouse en contra da aprobación o Sr. Ameneiros do BNG.**

### **3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA IMPULSAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN ANIMAL E CONVIVENCIA.-**

O voceiro do BNG, le a moción, da cal se reproduce o seu texto:

“Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño

Alberte Ameneiros Serantes, voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño a seguinte

#### **MOCIÓN PARA IMPULSAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN ANIMAL E CONVIVENCIA**

A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como LIBERA advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidasas, como o ‘sacrificio cero’ ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso que propomos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.
- 2.- Instar ao Concello de Valdoviño a elaborar unha Ordenanza de Protección Animal e Convivencia no prazo de seis meses, contando cos grupos políticos, entes veciñais e asociacións animalistas.
- 3.- Instar ao Concello de Valdoviño a valorar, xunto coa veciñanza e colectivos específicos, un programa de xestión de colonias felinas baixo criterios de alimentación controlada, esterilización e convivencia responsable.

Asdo. Alberte Ameneiros Serantes  
Grupo Municipal do BNG”

#### DEBATE

Sr. Ameneiros.- Agora hai unha Lei de Benestar animal que esixe certas cousas pero o Concello non debía ter que asumir eses gastos.

Sr. Vigo Lago.- Nos estamos en contra da aprobación da moción. Fai lectura da seguinte argumentación:

### **RESPOSTA Á MOCIÓN PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA**

#### **ARGUMENTARIO**

Antes de nada, débese indicar que as competencias referidas aos concellos e relacionadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia xa foron atribuídas a estes mediante as seguintes normas vixentes, previamente á modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL):

- *Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade e*
- *Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.*

Polo tanto, na nova lei non se inclúen cambios con respecto ás competencias atribuídas aos concellos nesta materia, nin se derivan novas competencias, manténdose o réxime competencial existente, non supoñendo, polo tanto, a priori o desenvolvemento das citadas competencias un sobrecusto para as administracións locais.

Por exemplo, no que respecta aos artigos 25.5 e 26 (fogares de acollida e colonias felinas, respectivamente), comentar que o seu contido non contempla ningunha atribución competencial adicional, ao versar sobre alternativas opcionais de xestión sobre competencias previamente contempladas (é dicir, non constitúen competencias diferentes ás xa contempladas ou atribuídas).

Con respecto á prohibición do sacrificio dos animais abandonados que se recollan para seren aloxados nos centros de recollida, coa excepción da eutanasia realizada por facultativo veterinario e motivada por razón de enfermidade irreversible ou sufrimento grave do animal ou por razón de sanidade ou benestar animal, de saúde pública de seguridade das persoas ou medioambientais, indicar que xa na lei 1/1993, se establecía que os concellos recollerán os animais abandonados e transcorrido determinado prazo daríanlle o destino máis conveniente, que só en último termo sería o sacrificio. Polo tanto a nova redacción dada na Lei 4/2017, unicamente ven a detallar os supostos nos que se considera motivada a eutanasia como destino conveniente para estes animais.

Con respecto ao apoio económico nesta materia da Xunta ás administracións locais, sinalar que nestes momentos a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está precisamente tramitando unha orde de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia, cun orzamento total de 300.000€.

O obxecto destas axudas inclúe a subvención dos gastos relativos á atención e coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados, realización de campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados e a adquisición de material non funxible para a xestión e manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados.

En concreto, as actuacións subvencionables para o coidado do animais inclúen os gastos de manutención derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico para cans e gatos, os gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción; os gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal mediante a implantación de microchip dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados e os gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas (vacinação preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais)

Tamén se inclúen na Orde gastos de adquisición de equipamento non funxible para a xestión e manexo dos animais que, en todo caso, estará destinado a dotar dos medios necesarios aos centros de recollida. Do importe total desta convocatoria (300.000 €) destináronse 200.000 € para o paquete de actuacións dedicadas á atención e coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados, e unha partida de 70.000€ para a subvención de equipamentos e dotación de material para estes centros, sendo as corporacións locais as que poderán ser beneficiarias directas das axudas para os gastos relativos á atención e coidado dos animais de compañía e, no suposto de que a corporación local sexa titular dun centro de recollida autorizado e inscrito no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes

en catividade de Galicia, tamén poderán optar ás axudas para os gastos derivados da adquisición de equipamento non funxible para a xestión e manexo dos animais nos centros de recollida.

Para optar ás axudas, as corporacións locais (que ostentan por lei a competencia da recollida e tenza dos animais de compañía abandonados no ámbito territorial correspondente), poderán realizar directamente e con medios propios a recollida e mantemento de animais abandonados nun centro debidamente autorizado para tal fin (e inscrito no Rexistro) ou ben dispoñer que o servizo de recollida e mantemento destes animais se faga a través de convenios de colaboración ou cooperación con asociacións inscritas no Rexistro xeral de asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia ou con entidades ou empresas autorizadas para tales fins.

Polo tanto, e tendo en conta que **o 90% do crédito desta orde ten como beneficiarios potenciais aos propios concellos**, queda claramente demostrado o apoio da Xunta ás corporacións locais nesta materia.

Indicar que para o exercicio 2018, a CMAOT ten previsto así mesmo unha nova liña de axudas (para cubrir gastos de esterilización e identificación destes animais), cun orzamento inicial de 100.000€, contribuíndo deste de modo a reforzar a loita contra o abandono animal, pilar fundamental do novo marco normativo recentemente aprobado”.

Sr. Ameneiros.- Esta moción presentoa en nome de LIBERA. Parece axeitado facer unha ordenanza de convivencia e trato adecuado aos animais.

Sra. García Lópaz.- Estamos de acordo co espírito da moción e lle pregunto ao Sr. Vigo canto se recibiu de axudas.

Sr. Vigo.- Saberedes vos canto recibistedes e se pedistedes a axuda.

Sr. Alcalde.- O que se fixo foi cargar aos concellos con competencias. Á Mancomunidade danlle 27.000 euros. Non ten nada que ver o argumentario que leu co espírito da moción que plantexa unha ordenanza de convivencia.

**O Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes acordou aprobar a moción que presentou o concelleiro do BNG de impulso de ordenanza municipal de protección animal e convivencia.**

**Votaron a favor da aprobación da moción os concelleiros dos grupos BNG, PSdeG-PSOE, CENVAL. Votaron en contra os concelleiros do PP, agás o Sr. García Alonso deste grupo, quen se abstivo.**

#### **4º.- .MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ERRADICACIÓN DA CORTADERIA SELLOANA.-**

Da lectura do contido da moción o voceiro do BNG, Sr. Ameneiros:

“Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño

Alberte Ameneiros Serantes, voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño a seguinte

#### MOCIÓN

O carrizo da Pampa (*cortaderia selloana*), tamén coñecida como “plumacho da pampa” é unha planta herbácea que procede de América do Sul e que se caracteriza polas súas grandes dimensións, superando o metro e medio de altura. Propágase a partir dos milleiros de sementes que produce cada planta feminina, impulsados polo vento a longa distancia, máis tamén pola propia fragmentación da cepa.

Aínda que a introducción do Carrizo da Pampa na Galiza é recente, estando moi vencellada ao uso como cultivo ornamental, nomeadamente no eixo da AP-9, a súa grande e rápida expansión polo territorio galego fai que se poida considerar a todos os efectos como unha especie invasora: Unha vez instalado o Carrizo da Pampa ten grande capacidade para sobrevivir, modifica o hábitat e resulta moi perigosa para a flora endémica, tratándose ademáis dunha especie pirófita que contribúe á propagación de incendios e coloniza doadamente os espazos queimados.

Isto levou a que o Carrizo da Pampa ou cortaderia estea incluído no Catálogo Español de Especies Exóticas invasoras; así o dispón o Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, e, polo tanto, a súa introducción no medio natural estea prohibida.

Valdoviño non é alleo a esta problemática, e, vemos como esta planta invasora está a se espallar por zonas de alto valor ecolóxico e paisaxístico e está a incrementar a súa presenza en numerosos lugares do concello.

É por isto que o Bloque Nacionalista Galego somete a aprobación, si é o caso, polo Pleno do Concello dos seguintes

#### ACORDOS

1.- O Concello de Valdoviño adoptará as medidas necesarias tendentes á erradicación da cortaderia selloana en todo o termo municipal.

2.- O Pleno da Corporación solicita ás Consellerías da Xunta de Galiza e aos Ministerios do Goberno de España competentes, que realicen actuacións conxuntas para erradicar a cortaderia selloana, dando cumprimento ao disposto no Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro.

Asdo. Alberte Ameneiros Serantes  
Grupo Municipal do BNG”

#### DEBATE

Sr. Ameneiros.- Xa falamos en pleno disto, pero non vin ningún resultado.



Sr. Vigo Lago.- Hai tamén outras especies invasoras. A Xunta de Galicia está actuando na erradicación deste tipo de plantas. Le o escrito que di:

## RESPOSTA XESTIÓN ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS – HERBA DA PAMPA

### ARGUMENTARIO

Na actualidade a xestión no que a esta materia se refire en Galicia réxese polo *RD 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras*, que integra a maior parte das especies que teñen un alto impacto na biodiversidade galega.

A loita contra as especies exóticas invasoras non se pode abordar de xeito efectivo sen considerar a conectividade dos ecosistemas e sen ter en conta os medios de dispersión e colonización destas especies, polo que resulta fundamental o establecemento de prioridades co fin de afrontar a súa erradicación, xa que resulta inviable a eliminación do 100% das especies existentes (por analogía co que ocorre no resto do planeta) .

Este é un aspecto no que a Xunta de Galicia leva moito avanzado. Nesta liña, no ano 2012 elaborouse unha proposta técnica dun Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras en Galicia, que serve de documento base á hora de establecer as prioridades de actuación. Como resultado deste establecemento de prioridades, as accións da administración autonómica comprenden dous eixos principais:

- a) A erradicación temperá de focos de invasións de especies animais e vexetais de alto risco recentemente naturalizados, como o mapache (*Procyon lotor*) ou o bambú xaponés (*Fallopia japonica*).
- b) A contención local de especies exóticas invasoras e a protección dos sitios prioritarios para a conservación de especies autóctonas (principalmente a RN2000) das especies exóticas con alto risco de impacto na nosa biodiversidade como é o caso da *Cortaderia selloana*- ou “herba da pampa” .

No período 2009-2016, a Xunta ten desenvolvido actuacións que contemplaban tarefas de xestión de especies de plantas exóticas invasoras por valor de 1.650.499,44 € en distintos espazos . Así mesmo, téñense concedido, dentro das convocatorias de axudas para concellos que se atopan dentro de Rede Natura 2000, subvencións a distintas entidades locais en conceptos relacionados coa xestión das especies exóticas invasoras (entre elas a *Cortaderia selloana*), por un importe global para o período 2010-2016, de 767.965,89 € (IVE non incluído).

Dentro da súa estratexia, indicar que a Xunta está executando nestes momentos un contrato que ten como principais obxectivos a erradicación de focos de invasións de especies animais e vexetais exóticas invasoras de alto risco de impacto recentemente naturalizados; a contención local de especies exóticas con comportamento invasor con alto risco de impacto e así acadar a protección dos sitios prioritarios para a conservación de especies e hábitats (principalmente a RN2000) e levando a cabo accións de apoio na concienciación e formación sobre a problemática de xestión destas especies, mediante charlas informativas que se teñen celebrado en distintos puntos de Galicia (na provincia da Coruña en concreto, nas cidades de Santiago, Ferrol e A Coruña). Neste contrato inclúense medidas de control/erradicación de *Cortaderia selloana* nos espazos naturais costeiros

Así mesmo, a Consellería ten subscritas liñas de colaboración con asociacións ecoloxistas (ADEGA) para o desenvolvemento conxunto de actuacións de colaboración e cooperación no

ámbito da educación ambiental e do voluntariado ambiental, entre as que se inclúen a eliminación de especies exóticas invasoras en espazos protexidos”.

Sr. Alcalde.- Non temos esas plantas que cita no noso territorio.

Sr. Rodríguez Fernández.- Tamén son dañinas as canaveiras e hai moitas.

Sr. Vigo Lago.- Si, e as temos en Meirás, en terreo municipal.

Sr. Vega Fernández.- Co persoal que temos non podemos abarcar para quitálas.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar a moción transcrita que presentou o BNG referida a adopción de medidas de erradicación da cortadería selloana.**

#### **5º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.-**

De orde da Presidencia, a secretaria municipal da lectura da declaración institucional da Corporación de Valdoviño, do tenor literal seguinte:

“O concello de Valdoviño, quere trasladar o seu rexeitamento a todos os tipos de violencia, condenando calquera acto que non respecte o benestar e a liberdade das persoas, ao fío do que ven acontecendo nos últimos días.

Todas as agresións e desigualdades sociais teñen unha especial incidencia nas mulleres, polo mero feito de selo. Por iso, con motivo do “**Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres**” que se conmemora o vindeiro 25 de novembro, o concello quere manifestar a máis firme condena a todas as agresións, mortes ou faltas de respecto vividas por moitas nenas e mulleres en calquera lugar do mundo.

Expresamos o noso apoio a todas as vítimas, e o compromiso de desenvolver todas as actuacións municipais que dependan do noso quefacer para previr e intervir en todas aquelas situacións que sexa preciso”

Trala lectura da declaración, o Sr. Alcalde indica que trasladará esta declaración á web municipal.

#### **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO.-**

A voceira deste grupo le a seguinte moción:

“Rosana García López, na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Valdoviño, comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal e a petición da Organización Profesional Agraria UNIÓNS AGRARIAS-UPA, a seguinte MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego hai escasos días, puxo de manifesto a vulnerabilidade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non poden existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal lle vai ir a unha si lle vai mal á outra.

O lume que chegou ás portas da maior cidade de Galicia é o exemplo da traxedia do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o rural galego, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade, se persiste o abandono do noso rural, e a necesidade de abrir os ollos e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural chea de perigos.

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si ésta non é rendible, nin pode haber actividade produtiva se non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos de calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolto no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o anterior, en condición de voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Valdoviño e dada a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar á Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representados todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan

facер achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación inmediata dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e a posta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin á sucesión de accións punitivas inustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc).

É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.

Novembro 2017

Asdo. Portavoz do PSdeG-PSOE

Sr. Alcalde-Presidente da Corporación municipal”.

## DELIBERACIÓN

Sra. García López.- Presentase esta moción a petición de Unións Agrarias. É un fracaso da Xunta de Galicia que non se fixe poboación no rural; así o campo convirtese en monte e ademais Medio Rural fala da súa limpeza e Medio Ambiente non deixa efectuar a limpeza en moitas zonas.

Sr. Ameneiros Serantes.- É un problema fondo grave. Non hai incentivos para asentarse a poboación no rural e o abandono do monte e do rural implica aumento e perigosidade dos incendios con acontecementos coma os que tivemos este ano en Galiza; eu vin coma quedou o concello de As Neves por exemplo, con todo queimado.

Sr. Beceiro.- En Valdoviño o monte está cuidado por intereses económicos, non está cuidado o terreo preto das casas.

Sr. García Alonso.- Aquí non plantan lume polos intereses económicos.

Sr. Vigo Lago: Estamos en desacordo con parte da moción, en base a que:

<p style="text-align: center;"><b>RESPOSTA Á MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO</b></p>
---

### ARGUMENTARIO

#### PLAN ESPECÍFICO PARA FIXAR POBOACIÓN NO RURAL

A Xunta xa puxo en marcha un plan para fixar poboación no rural dotado con máis de **230 millóns de euros** para executar no horizonte de 2020, cuxos OBXECTIVOS son os seguintes:

- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación e diversificación de actividades económicas sostibles no medio rural e o fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos, fomento das novas tecnoloxías da información e conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.
- Articular a planificación e coordinación de investimentos no rural e potenciar as sinerxías e efectos multiplicadores das actuacións horizontais, a través da execución de estratexias locais de desenvolvemento e o fomento do tecido asociativo social, cultural e económico.

Son varias as medidas e programas de gasto que se destinan dende a Consellería de Medio Rural e dende outros departamentos da Xunta, xa que o desenvolvemento do rural e fixar poboación no mesmo é un obxectivo estratéxico e transversal, e por iso se están poñendo en marcha e levando a cabo nestes momentos. De feito todo o PDR de Galicia 2014-2020 ten na fixación da poboación o seu principal reto.

Con este Plan se están poñendo as bases para revertir o despoboamento do territorio rural e facer do mesmo un lugar axeitado para que os galegos, especialmente os mais novos, vexan no mesmo un lugar ideal para vivir.

O plan conta con 230.884.478 €, dos cales se destinan 72 millóns a plans de xestión territorial, 10,3 millóns a innovación e a formación agraria, 35,5 millóns ao desenvolvemento dunha agricultura sostible e respectuosa co medio ambiente, 40,9 millóns a mellora da competitividade das empresas rurais (agrarias ou non), 65 millóns orientados a facilitar o relevo xeracional no campo e 6,9 millóns a proxectos cooperativos.

Estamos polo tanto ante un plan ambicioso e ben estruturado, e baseado nos diferentes estudos sectoriais existentes por parte dos diferentes axentes que traballan no rural galego. Non debemos esquecernos que por exemplo o PDR de Galicia se fai sobre un estudo DAFO no que se analizan as diferentes problemáticas e fortalezas do medio co fin de establecer as medidas precisas para facer do mesmo un lugar mais atractivo para vivir.

O Goberno galego traballa por incentivar a creación de emprego apoiando medidas de emprendemento no rural. Estamos polo tanto ante unha aposta clara polo medio rural, e ante o inicio dun período de programación que se torna clave para conseguir o obxectivo que todos perseguimos de acadar un rural mais vivo e con mais poboación vivindo no mesmo.

#### **BENEFICIOS FISCAIS NO RURAL GALEGO**

A Xunta de Galicia aprobou no ano 2016 o programa de impostos cero no rural e no ano 2017 decidiu complementar este programa con novas medidas para a adquisición de vivenda no medio rural para determinados colectivos.

##### **a) Programa de Impostos Cero no Rural**

Este programa ten como obxectivo favorecer a mobilidade de terras, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo agrario con menos custe.

Os beneficios consisten nunha dedución do 100% na cota nas transmisións inter vivos e agrupacións de solo rústico e nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario.

Os beneficiarios son:

- nas transmisións inter vivos e agrupacións de solo rústico: calquera contribuínte que adquira ou agrupe en Galicia solo rústico sen construción.
- nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario: os titulares de explotacións agrarias de carácter prioritario, os titulares de explotacións agrarias que coa operación adquiran tal condición e os agricultores mozos ou asalariados agrarios que instalen por primeira vez unha instalación agraria de carácter prioritario.

##### **b) Medidas para a adquisición de vivenda no medio rural por determinados colectivos**

Dende o 10 de febreiro de 2017 poderán beneficiarse dunha dedución na cota do 100% nos impostos de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados determinados colectivos que adquiran a súa vivenda no eido rural.

Estes colectivos son as persoas con discapacidade igual ou superior ao 65%, as familias numerosas e os mozos menores de 36 anos beneficiarios dos tipos bonificados con límites en atención ao prezo de adquisición da vivenda e aos niveis de patrimonio dos contribuíntes.

Esta rebaixa fiscal aplicarase en todas as parroquias galegas cualificadas como Zonas Pouco Poboadas, é dicir, aquelas nas que é máis necesario recuperar poboación co obxectivo de dinamizar as zonas menos habitadas. En total, son 3.462 parroquias, que representan preto do 94% da superficie da Comunidade.

O obxectivo desta rebaixa é fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopan despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente, cos conseguintes beneficios que isto supón para o contorno.

Na práctica supón a eliminación dos impostos de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados para estes colectivos no 91,3% das parroquias de Galicia, que representan preto do 94% da superficie da Comunidade.

#### COMISIÓN POLÍTICA FORESTAL

O pasado 14 de novembro, a Mesa do Parlamento aprobou, a proposta do PPdeG, a creación dunha Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017.

O obxectivo é que a proposta acordada sexa capaz de sacar conclusións de políticas a longo e medio prazo e que incluso algunhas medidas se poidan levar adiante xa na vindeira campaña de loita contra os incendios forestais.

Cando estamos a falar de prospectiva e de como mellorar as cousas, consideramos que o importante é que se involucren os expertos e quen teña algo que aportar para, entre todos, determinar as reformas e que non volva a ocorrer o que pasou coa vaga de lumes do pasado mes de outubro ou as que tiveron lugar noutros momentos, como no ano 2006. Hai que ver que cousas non funcionaron e analizar moitas cuestións que non teñen que ver estritamente co servizo de extinción, senón tamén coa política forestal”.

Sr. Vigo.- Eu fun un dos primeiros que fixen vixiancia contra o lume. Pero nestes lumes que houbo en Galicia últimamente inflúe tamén a velocidade do vento e nestes casos non hai quen o controle aínda que o monte estea ou non limpo.

Sr. Ameneiros.- Vimos padecendo esta situación ano tras ano. Hai que facer prevención.

Sr. Vega López.- E queremos obrigar a limpar os montes cando a propia Xunta non deixa limpar en moitas das súas propiedades.

Sr. Beceiro Rodríguez.- Cada vez empeora a situación en canto á poboación e actividade no rural. En Valdoviño tiñamos cinco aserradoiros e agora ningún, non se fomentou para nada o rural.

Sr. Alcalde.- Respecto ao que leu o Sr. Vigo, penso que non se fixeron esas inversións e desenvolvementos.

**O Pleno vota a moción presentada polo PSdeG-PSOE, que queda aprobada en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión.**

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Pleno, ratificou a urxencia dos dous asuntos que se pasan a consignar polas razóns expostas na parte expositiva dos acordos e a súa inclusión na Orde do Día:

#### **.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2017.-**

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**VISTAS** as facturas que se relacionan no anexo e que forman parte do expte REC PLENO 4/2017, que se inclúen na relación de facturas nº F/2017/32, conformada por 14 facturas de importe total 5.414,72 € brutoa, dos que se propón reconocer 5.289,14, toda vez nunha das facturas que forma parte da relación a tramitar, emítese pasado o prazo dun ano dende o devengo do IVE, e polo tanto o proveedor perde o dereito a repercusión do IVE ( factura con nº de rexistro contable F/2017/1872, importe do IVE facturado 125,58 €).

**VISTO** que as facturas que forman parte do anexo foron recibidas no rexistro de entrada do Concello con data do exercicio 2017, entre o 04/08/2017 ata 08/11/2017 pero corresponden a servizos efectivamente realizados en anos anteriores, pero que non puideron ser aprobados nos exercicios nos que se prestou o servizo por non constar as facturas no rexistro contable de facturas, aínda que existía crédito a nivel vinculación xurídica suficiente ao remate do exercicio 2016 para que puideran ser atendidas. Sendo necesario o recoñecemento e ordenación do pago dos importes que derivan das mesmas, toda vez os subministros e servizos efectivamente foron prestados e considerando que a utilización do crédito consignado no orzamento correspondente ao exercicio 2017 para atender ao dito gasto realizado no exercicio anterior, non vai a sufrir perturbación aos efectos de poder atender o gasto que derivará no exercicio 2017, e toda vez xa se iniciou a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se ampía crédito para poder atender os gastos por recoñecemento extraxudiciais na aplicación 453 221 03 ( a que sofre maior incremento dos importes).

**VISTO** que o orzamento xeral para o exercicio 2017 foi aprobado definitivamente mediante inserción de edicto no BOP nº 59 de 28 de marzo, non contemplando especificamente crédito para recoñecemento extraxudicial de crédito para os ditos fins. Verificado polos diferentes membros da corporación a efectividade da prestación dos subministros e servizos facturados e a corrección do facturado cos importes pactados, e que se plasma na conformidade dos documentos , visto o informe elaborado pola interventora municipal no que fai referencia a necesidade de tramitar expedientes de contratación adecuado a duración e importe das prestacións, conforme determina a



normativa de contratos, e no que tamén deixa constancia da necesidade de efectuar control das facturacións complementarias, tomando nota a Alcaldía, e tendo en conta a necesidade de efectuar a aprobación das facturas coa máxima celeridade, toda vez algunha das mesmas xa foi presentada fai máis de dous meses, e aos efectos de non retrasar máis alá o prazo de pago legalmente establecido, e tendo en conta o tempo que ten mediado dende que se realizou a prestación do servizo-subministro, parece adecuado incluír o asunto na orden do día do Pleno ordinario a celebrar no día de mañán, pola vía de urxencia regulada no artigo , polo tanto esta alcaldía **propón** ao Pleno da Corporación que aprobe á seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Visto o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de decembro, e vista a motivación dada na parte expositiva desta proposta, RATIFICAR a urxencia da necesidade de inclusión na orde do día da proposta de aprobación do recoñecemento extraxudicial 4/2017.

**SEGUNDO.-** Ratificada a urxencia, aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC PLENO 4/2017) que se conforma pola relación de facturas nº F/2017/32, na que se inclúen 14 facturas de importe bruto 5.414,72 €, proponendo o recoñecemento por importe de 5.289,14 €, toda vez en base ao establecido no artigo 88.4, o proveedor de servizos de retirada de mamífero na praia de Pantín, no ano 2015, perdeu o seu dereito a repercusión do IVE ( 125,58 €).

**TERCEIRO.-** Notificar aos interesados o acordo que se adopta e solicitar a empresa que emite a factura con nº de rexistro F/2017/1872 , que emita factura de abono polo importe do IVE, toda vez perdeu o dereito a súa repercusión.

**CUARTO.-** Que se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias.

Valdoviño , 16 de novembro de 2017.

O alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

Explica a interventora que as facturas que conforman a relación para recoñecemento extraxudicial se emitiron no ano 2017 cando os conceptos son de datas anteriores; advertindo da conveniencia de facer estudo das enerxéticas e tamén das de subministro de carburantes para vehículos municipais e poñer regras ao control das conformidades das facturas.

Respecto á factura de Sociedad de prevención de Asepeyo, S.L, de concepto de vixilancia da saúde período de maio a agosto de 2015, xurden dúbidas de si nese período prestaba ese servizo Asepeyo. O Sr. Vigo Lago considera se nesa data o Concello tiña ou non esa prestación con esta entidade, posto que recorda que se fixera cambio para a entidade Mapfre.

Ante a dúbida votase unha emenda á proposta da Alcaldía, consistente na exclusión desta factura da relación proposta para o recoñecemento extraxudicial de crédito.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2017, conforme a proposta de Alcaldía reproducida, coa emenda de exclusión da factura F/2017/2725, emitida pola “Sociedad de prevención de Asepeyo, S.L”, por existir dúbidas ante a correspondencia do concepto facturado.**

## **RECTIFICACIÓN DE ACORDO NA APROBACIÓN DO PLAN POS+AD-OBRASSUM/2017 E NA DOCUMENTACIÓN (ANEXOS).**

### **PROPOSTA DE ALCALDIA:**

Por acordo de sesión plenaria de carácter urxente celebrada en data do pasado 14 de novembro aprobouse a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2017 Adicional 1/2017 e elaborouse a documentación precisa para a súa remisión á Deputación Provincial da Coruña. No Plan quedou incluída a obra con denominación: PROXECTOS DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Neste mesmo día (14.11.17) procedeuse a remitir á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL toda a documentación.

No día de hoxe (17.11.17) recibíronse dúas notificacións da Deputación Provincial da Coruña de Asunto: Requerimento corrección documentación tanto no solicitude xeral coma no apartado da documentación da obra indicando que:

Revisada a documentación presentada nesta convocatoria atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

**A DENOMINACIÓN DA OBRA QUE FIGURA NO ANEXO I E XENÉRICA  
A DENOMINACIÓN DA OBRA QUE FIGURA NOS ANEXOS V, VI, VII E VIII É  
XENÉRICA**

Cando a Base 2.3 das reguladoras do Plan recolle o seguinte:

*“Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan”.*

Visto o anteriormente exposto e dado que a Deputación concede un prazo de 10 días hábiles dende a data de aceptación da notificación (17.11.17), esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º- Aprobar a urxencia deste punto (e conseguinte inclusión na Orde do Día) xustificándose a urxencia na necesidade de corrixir e remitir as deficiencias no prazo que nos outorgan de 10 días hábiles.

2º.- Rectificar o acordado no pleno do 14.11.17, con cambio da denominación do proxecto de obra incluída no citado Plan pasando a denominarse:

“PROXECTOS DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS: CASA DA CULTURA, PISCINA MUNICIPAL E PAVILLON DE DEPORTES DE LONGOIRO)”.

e en consecuencia realizar a modificación da denominación na restante documentación a remitir (distintos Anexos).

3º.- Que polo persoal dos distintos negociados que interveñen na preparación da documentación se efectúen os cambios en consonancia co rectificativo, e que unha vez realizados os cambios se remite á Deputación Provincial a nova documentación.

Non entanto, o pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 17 de novembro de 2017

O alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández

Resultando así o seguinte Acordo plenario de aprobación:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento do pago a provedores:

(Só para o caso de concellos que non presentaron solicitude na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Mayor achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores	-----	-----	-----
Subtotal pago a provedores	-----	-----	-----

B ) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de	Financiamento dos investimentos
---	---------------------------------

2017)Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Proxecto de traballos de conservación e reparación de edificios municipais: Casa de Cultura, piscina municipal e pavillón de deportes de Longoiro	933	158.030,45€	-----	158.030,45€
<b>Subtotal investimentos financeiramente sostibles</b>		158.030,45€	-----	158.030,45€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2017 que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN</b>	-----		-----
<b>B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUÍR NESTA 2ª FASE DO PLAN</b>	158.030,45€	-----	158.030,45€
<b>SUBTOTAL</b>	158.030,45€	-----	158.030,45€
<b>IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN</b>	-----		-----

<b>TOTAL</b>	<b>158.030,45€</b>		<b>158.030,45€</b>
--------------	--------------------	--	--------------------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía.**

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

### **7º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDIA (EMITIDOS DENDE O 17/10/17 AO 09/11/17).-**

De conformidade co sinalado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación de decretos da Alcaldía que se emitiron entre as datas de 17/10/17 ao 09/11/17; e que comprenden os números de decretos do 421 ao 451 do corrente ano para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

**O Pleno deuse por enterado.**

### **8º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.-**

Dáse conta ao pleno dos seguintes asuntos da área económica municipal que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as en tempo e forma e da súa presentación ante as Administracións que corresponden; dos que a documentación se atopa incorporada no expediente desta acta.

- .- Estimación execución 3º trimestre/2017
- .- Período medio de pagamento, 3º trimestre/2017
- .- Morosidade referida ao 3º trimestre/2017 (informe tesourería)
- .- Custo efectivo dos servizos.

**O Pleno tomou razón.**

### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Grupo BNG (Sr. Ameneiros Serantes).-

\*.- Pido a dotación tanto en formación coma en seguridade para Protección Civil para actuar na exterminación da avispa velutina.

Sr. Alcalde.- En zona de monte, onde non temos competencia actúa a Xunta de Galicia, en zona de núcleo rural é tema de seguridade pública e actúa protección civil (contabilizamos máis de 270 niños). Os membros de protección civil si que teñen formación e equipamento para facer as retiradas de niños, por exemplo nos coches levanse antídotos.

\*.- Rogo que se conciencie á poboación sobor do consumo da auga.

Sr. Alcalde.- Chegounos unha proposta de “Viaqua” de colocación de cartel e tamén técnicos desta empresa irán ao CPI de Atios e planeanse visitas ao ciclo da auga.

\*. –O contrato do servizo de recollida de lixo ten o seu remate no 2019. Pido a remunicipalización deste servizo.

Sr. Alcalde.- A Mancomunidade de municipios fixo un estudio para ver de facer unha xestión conxunta, que non municipalización e para elo precisan a constancia das datas de remate dos contratos dos concellos, especialmente dos de maior volume de xestión (Ferrol, Narón...) para logo ir adheríndose os outros concellos.

A remunicipalización implicaría sacar a oposición prazas de persoal.

Sr. Ameneiros.- Pareceme esaxerado o custo de recollida do lixo.

Sr. Alcalde.- Polo que vin na Mancomunidade, non somos dos que máis pagamos. Propoño que valoremos o recibo único, porque o servizo non é soio a recollida, senón tamén a selección e o tratamento.

Grupo CENVAL (Sr. Beceiro Rodríguez).-

\*.- Qué sabemos do novo contrato do chiringuito da praia?

Sr. Alcalde.- Estamos coa redación dos pregos e namentras continúa o adxudicatario, porque o permite o actual contrato.

\*.- Quen leva o club náutico nas Forcadas?

Sr. Alcalde.- Temos un convenio co Club de remo As Forcadas.

Sr. Beceiro.- Pregunto porque hai material espallado pola zona e rogo que conste en acta esta circunstancia e o rogo de que se procure a súa retirada. Destedes publicidade dos “dous mares” en Valdoviño e cómo está esa zona?

Sr. Vega.- O que é material municipal está gardado nas naves.

Sr. Alcalde.- Tamén están cousas do Club de Cedeira.

\*.- Comunicanme queixas no procedemento do aluguer da pista de O Longoiro.

Sr. Saavedra.- Teñen preferencia os que xa veñen disfrutando da pista.

\*.- Teño que dicir que por fin se limparon as gabias; non era sen tempo.

\*.- Cal é a situación en canto ao Plan Xeral de Ordenación Municipal?

Sr. Alcalde.- Falouse coa empresa para avanzar neste asunto.

\*.- Este ano houbo un aforro de 75.000 euros no servizo de socorrismo. Qué se vai facer con estes cartos?

Sr. Alcalde.- Non é que houbese un aforro, foi unha subvención que recibimos. Imos investir nas praias, e de feito xa se fixo inversión; pensamos en modificar a pasarela en Outeiro entre outras actuacións.

\*.- A Cooperativa de Vilaboa está facendo información sobre plantacións. Hai plantacións pegadas a estradas da Deputación. Esta información debía facerse a nivel institucional.

Sr. Alcalde.- Xa se lle falou disto a persoal de concentración parcelaria.

\*.- Qué achega se facía para transporte metropolitano?

Sr. Alcalde.- Sobre 5000 euros.

Sra. Interventora.- 4.700 euros (liquidan a do ano anterior e a deste ano en estimación do anterior).

Sr. Alcalde.- A Xunta fai a estimación polo número de viaxeiros contabilizados.

Grupo PP.- (Sr. Vigo Lago).-

\*.- O día 10.10.17 pedín por rexistro telemático copia de alegacións que presentaron uns interesados.

Sra. Secretaria.- Non coñecemos esas alegacións.

Sr. Alcalde.- Haberá algún problema co rexistro.

\*.- Consta en rexistro peticións de investigación en camiños.

Sr. Alcalde.- Deuse traslado á empresa para que investigase as peticións e se lle pidu aos particulares as escrituras.

\*.- Respecto ao xeoparque, habería unha Circular co convenio.

Sr. Alcalde e sra. Secretaría.- Enviaron un borrador de convenio.

\*.- Qué anomalías hai en canto a apartamentos da praia (tratase dun escrito de Comunidade de propietarios de edificio praia Frouxeira) que presentaron en rexistro con data 2.10.17, número de entrada 3147?.

Sr. Alcalde.- Será un tema referido ao saneamento e no que Augas de Galicia pechou o caso. Non temos coñecemento de ningunha outra anomalía.

\*.- Qué pasa cos acantarillados nas zonas de Meirás (Fornos...)

Sr. Alcalde.- Non hai bombas na Cubeta, as roubaron e está denunciado.

Sr. Rodríguez Fernández.- Que non haxa bombas non quere dicir que non se poidan facer os enganches. Ademáis levan máis dun anon investigando ese roubo.

Sr. Vigo Lago.- Non sei se todos os alcantarillados desa zona van ao bombeo da Cubeta.

Sr. Vega Fernández.- O noso criterio é enganchar onde se poida prestar o servizo.

\*.- Aparece en rexistro notificación de sentenza sobre un Procedemento Abreviado 10/17.

Sr. Alcalde e Sra. Secretaria.- Si, da cal se deu conta na pasada sesión plenaria.

Non tendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e dúas horas e cincuenta minutos, a sesión chega ao seu remate e o Sr. Alcalde anuncia o seu levantamento. Coma Secretaria municipal, redato a acta da sesión e CERTIFICO o seu contido.

A secretaria,

O alcalde,